

## DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión ORDINARIA do Pleno da Corporación que se celebrará o vindeiro **XOVES, día 05 de NOVIEMBRE /2020 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

A sesión terá lugar no **Salón da Casa da Cultura**, de forma extraordinaria e como consecuencia da adopción de medidas de prevención contra a COVID-19, por tratarse dun espazo máis amplo e ventilado. Circunstancia suficientemente xustificada de conformidade co disposto no artigo 85.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), para tratar os asuntos relacionados no seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **I) PARTE DISPOSITIVA**

- 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión: 01.10.20 (Ordinaria).
- 2º.- Continuación-celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de Goberno do Concello de Valdoviño.
- 3º.- Aprobación Conta Xeral 2019.
- 4º.- Aprobación Relación Postos de Traballo e indemnizacións.
- 5º.- Expediente modificacións de créditos mediante suplemento de crédito nº 12/2020.
- 6º.- Expediente de modificación de crédito nº 13/2020 transferencia de crédito de distintas áreas de gasto.
- 7º.- Manifestación de aceptación de cesión gratuíta de Carreteras do Ministerio de Defensa en favor do Concello de Valdoviño.
- 8º.- Aprobación criterios interpretativos en relación coa inclusión en ámbitos de solo urbano consolidado do uso terciario como uso alternativo, compatíbel o complementario co uso industrial, recollido no capítulo 8 (zona de industria) das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Valdoviño.

#### **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

- 9º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de setembro de 2020.
- 10º.- Dar conta das bases do Arquitecto Municipal.

**11º.-** Dar conta da morosidade do terceiro trimestre do 2020.

**12º.-** Toma de razón correccións Convenio de Transporte Metropolitano.

**13º.-** Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE